

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de xullo de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a. Raquel Díaz Vázquez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trece minutos do día 11 de xullo de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(743).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(744).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E ADXUDICACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE JAMIE CULLUM NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 5660/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa do servizo de Contratación do 08/07 e visto o informe de fiscalización do 09/07/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de JAMIE CULLUM no Auditorio de Castrelos (expediente 5660-335) no seguinte orde decrecente:

1. SWEET NOCTURNA, S.L.

Segundo.- Adxudicar a SWEET NOCTURNA, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de JAMIE CULLUM no Auditorio de Castrelos (expediente 5559-335) por un prezo de 105.750 euros, sendo a cota correspondente o IVE de 18.353,30 euros.

Todo iso de acordo coa oferta presentada e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación

Terceiro.- O aboamento do prezo se realizará mediante a conta de habilitación de Festas número ES63 2080.5000.61.3110277249.

3(745).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E ADXUDICACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE MALÚ NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 5659/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa do servizo de Contratación do 08/07 e visto o informe de fiscalización do 09/07/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de Malú no Auditorio de Castrelos (expediente 5659-335) no seguinte orde decrecente:

1. SWEET NOCTURNA, S.L.

Segundo.- Adxudicar a SWEET NOCTURNA, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de Malú no Auditorio de Castrelos (expediente 5559-335) por un prezo de 75.500 euros, sendo a cota correspondente o IVE de 13.103,30 euros.

Todo ilo de acordo coa oferta presentada e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación

Terceiro.- O aboamento do prezo se realizará mediante a conta de habilitación de Festas número ES63 2080.5000.61.3110277249.

4(746).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA BAIXADA A MESTRE CHANÉ”. EXPTE. 2656/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 07/07/14, do xefe da área de Fomento, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA BAIXADA A MESTRE CHANÉ”.

Segundo.- Aceptar o plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo prevén a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

5(747).- DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA BAIXADA A MESTRE CHANÉ”. EXPTE. 2657/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 07/07/14, do xefe da área de Fomento, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnico Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria “AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.”.

6(748).- PROPOSTA APROBACIÓN LISTAS DEFINITIVAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS) AÑO 2014. EXPTE. 16041/332.

Este expediente retirouse da orde do día.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trece minutos. Como secretaria dou fé.

rs.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.